

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15027691	de Porto do Son	Porto do Son	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
AFD	Actividades físicas e deportivas	CMAFD02	Guía no medio natural e de tempo libre	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP1325	Técnicas de equitación	2023/2024	5	133	159

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	JUAN GACIÑO SANTOS
Outro profesorado	

Estado: Supervisada

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O cabalo forma parte da realidade galega desde o principio dos tempos. As serras e montes da nosa comunidade presentan, en moitos dos casos, poboacións de cabalos semisalvaxes, que desenvolven a súa vida en liberdade. A súa presenza nos nosos tempos faino pensar que a súa importancia, hoxe baixa, foi determinante na evolución da historia dos galegos e galegas. Formaba parte dunha simbiose que as poboacións primoxenias dos montes establecían co medio.

Nesta nosa idade moderna, este animal, no canto de desaparecer, polo cambio drástico do seu papel na vida social, comunitaria e económica, foi quen de atopar un oco e provocar que se deran grandes esforzos por conseguir que perdurara. Un exemplo deste feito foi a loita por conseguir as características do cabalo dos nosos montes para elevalo a un estándar de raza autóctona. Este fito foi logrado xa fai anos, conseguindo establecer as características do cabalo de Pura Raza Galega, hoxe en día, protexido e promocionado para o seu uso en varios ámbitos.

Outros exemplos que amosan o vínculo ancestral da poboación co cabalo é a propagación de festas cabalares e curros. De feito, no caso de Sabucedo, esta acadou o estatus de festa de interese turístico. A beleza e rusticidade que emana da celebración deste curro quedou plasmado recentemente na película "As bestas", gañadora de 9 premios Goya.

Neste panorama, é evidente que existe unha realidade cabalar que debe ser atendida. Coa chegada do ciclo de guía no medio natural e, previamente, co ciclo de condución de actividades físico-deportivas no medio natural, deuse un poso importante neste sentido. A formación adecuada dos profesionais ecuestres require, pola idiosincrasia do ámbito, un escenario que permita unha boa carga horaria e un tempo de experimentación amplo, como é o caso nesta nova estrutura formativa.

Os ámbitos produtivos que se relacionan co módulo son amplos e variados. Existen numerosas iniciativas, consolidadas e por consolidar, que precisan a presenza de profesionais ben formados para o manexo e tratamento de cabalos: desde centros hípicas, casas de turismo rural, granxas escola, centros de terapias, clínicas veterinarias, clubs deportivos ata o autoempredemento como profesional cualificado.

O sentido deste módulo é o de acercar a realidade do mundo cabalar ao alumnado, comezando desde as primeiras bases e avanzando, unidade a unidade, ata conseguir a autonomía suficiente para abordar, no 2º curso, as tarefas máis específicas do guiado de grupos a cabalo.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Equipamento para montar a cabalo: selección, colocación e retirada		40	20
2	As reaccións do cabalo montado		20	20
3	Monta con seguridade e equilibrio aos tres aires		60	30
4	Monta con seguridade e equilibrio en pasos de relativa dificultade		20	15

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
5	Valoración do cabalo durante a monta		19	15

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Equipamento para montar a cabalo: selección, colocación e retirada	40

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Selecciona, coloca e retira os equipamentos para a monta, interpreta o seu uso e analiza a súa funcionalidade	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Caracterízase o lugar, o equino e o equipamento para a monta
CA1.2 Defínense os elementos do equipamento de monta e as súas funcións
CA1.3 Colócanse e retiráronse os elementos do equipamento de monta
CA1.4 Manéxase o equino durante a colocación e a adaptación do equipamento
CA1.5 Adaptouse o equipamento á morfoloxía do animal
CA1.6 Compróbase a posición correcta do equipamento
CA1.7 Tomáronse medidas para evitar rozaduras co equipamento
CA1.8 Axustouse o equipamento e realizouse o cinchado inicial

Crterios de avaliación

CA1.9 Aplícase a normativa de benestar animal e a de prevención de riscos laborais nas tarefas de colocación e de retirada dos equipamentos para a monta

4.1.e) Contidos**Contidos**

Caracterización do lugar para a monta.

Manexo do equino durante a colocación do equipamento de monta. Control do cabalo e seguridade.

Adaptación do equipamento ao cabalo. Talles dos elementos do equipamento. Revisión da posición do equipamento.

Prevención de rozaduras do equipamento. Partes anatómicas que se deben ter en conta. Uso de protectores.

Axuste do equipamento do cabalo. Cinchado inicial e recinchado. Axuste da cabezada. Tipos de muserola.

Respecto polo cabalo nas tarefas de colocación e retirada do equipamento.

Normativa de benestar animal e de prevención de riscos laborais nas tarefas de colocación e de retirada dos equipamentos para a monta.

Morfoloxía do cabalo. Características xerais. A orixe do cabalo e a súa evolución. Razas equinas: características. Capas do cabalo. Extremidades; o casco: estrutura e achumbamentos. A boca do cabalo e a súa estrutura. Sistema dixestivo e as súas principais patoloxías. Laminite e cólicos. Alimentación do cabalo. Sistema respiratorio e as súas patoloxías. Coxeiras. Feridas. Tratamentos. Caracterización do cabalo de sela.

Disciplinas ecuestres.

Indumentaria básica do xinete: pantalóns de montar, casco e botas. Talles e axuste. Equipamento secundario.

Equipamento básico do equino e equipamento adicional (montura, cabezada de montar, embocadura, suadeiro, salvacruces, petral, latiguillos, baticola, etc.): tipos e características.

Achegamento ao cabalo; uso de cabezada de corte para prebridado e preenselado. Atadura do cabalo. Nós necesarios de seguridade: fixos e de zafado rápido.

Limpeza e cepillado do cabalo: equipamento de limpeza, cepillado, manexo das extremidades, colocación de limpeza e achegamento con elementos ao cabalo. Limpeza completa e engraxamento de cascos incluídos.

Uso do equipamento de monta. Funcionalidade dos elementos do equipamento do xinete e do equipamento do equino.

Enselado e embridado. Posta doutros elementos do equipamento (protectores, vendas, martingadas, etc.). Desenselado e desembridado. Retirada doutros elementos do equipamento de monta. Execución técnica.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	As reaccións do cabalo montado	20

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Prevé, no proceso previo á monta, as posibles reaccións do equino montado, valorando as súas condicións físicas, o seu temperamento e as súas aptitudes	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Analizouse a conduta do equino no achegamento, na posta da cabezada e no guiado do cabestro, en pista e/ou en box ou estabulación
CA2.2 Analizáronse as reaccións do equino no proceso de preparación para a monta
CA2.3 Avaliáronse as respostas do equino no proceso de condución do destro ao lugar de traballo e ao movelo á corda
CA2.4 Comprobouse a aceptación e a adaptación en movemento do equipamento de monta
CA2.5 Aplicouse a normativa ambiental, de benestar animal e de prevención de riscos laborais nas tarefas realizadas previas á monta

4.2.e) Contidos

Contidos
Preparación do equino. Achegamento para monta, observación de conduta e reacción previa á monta. Movemento a corda.
Temperamento e aptitude para a monta. Conduta do cabalo no proceso de preparación para a monta. Mobilización do cabalo e reaxuste de cincha.
Guiado do destro. Entrada en pista ou no lugar de traballo. Mobilización á corda. Valoración física e reaccións do equino.
Aceptación do cabalo dos elementos do equipamento. Revisión para a monta da adaptación do equipamento ao cabalo. Cinchado final.
Atención continua ás reaccións do cabalo en todo o proceso.

Contidos
Normativa de benestar animal e de prevención de riscos laborais nas tarefas realizadas previas á monta.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Monta con seguridade e equilibrio aos tres aires	60

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Monta con seguridade e equilibrio aos tres aires, tendo en conta a relación das técnicas co tipo de animal, o terreo e o contexto	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Diferenciouse a secuencia de movementos do cabalo aos tres aires naturais
CA3.2 Descríbóronse as técnicas para subir ao equino controlando ao animal
CA3.3 Aplicáronse as técnicas para subir ao equino controlando ao animal
CA3.4 Definiuse a postura a cabalo
CA3.5 Adquiriuse a postura, co equino parado e en movemento
CA3.6 Caracterizáronse as axudas en equitación
CA3.7 Aplicáronse as axudas en equitación
CA3.8 Realizáronse transicións entre aires, cambios de dirección e de ritmo de marcha, e paradas

Criterios de avaliación
CA3.9 Corrixíronse desobediencias do cabalo durante a monta
CA3.10 Aplícase a normativa ambiental, de benestar animal e de prevención de riscos laborais durante a monta

4.3.e) Contidos

Contidos
Aires no cabalo. Análise do paso, do trote e do galope. Tipos de paso, trote e galope. Análise de posibles erros ou malas accións.
Revisión de accións de estribos e cinchas. Técnicas para subir ao cabalo. Aplicación. Erros ao montar. Colocación e agarre de rendas. Estribar. Calzado de estribos. Tipos de estribos.
Postura a cabalo. Descrición posicional dos segmentos corporais do xinete. Aplicación da postura co equino en movemento. Adaptación ao equino no paso, no trote e no galope. Utilización do trote levantado/a e sentado/a. Monta con e sen estribos.
Técnica de traballo de equitación. Exercicios de equilibrio previos á técnica de monta. Con material, sen sela, pé a terra e sobre o cabalo. Técnica de caídas.
Equitación. Definición de conceptos básicos. Axudas naturais e artificiais en equitación. Funcións básicas e aplicación. Normas de utilización das axudas.
Execución técnica de transicións, cambios de dirección e de ritmo de marcha, e paradas. Combinación de axudas básicas.
Desobediencias do cabalo montado. Métodos para controlar o cabalo ante desobediencias. Correccións técnicas.
Normativa ambiental, de benestar animal e de prevención de riscos laborais durante a monta.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Monta con seguridade e equilibrio en pasos de relativa dificultade	20

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Monta con seguridade e equilibrio en pasos de relativa dificultade, e analiza as técnicas e os procedementos de aplicación en cada situación	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Definíronse combinacións de axudas e as súas funcións avanzadas
CA4.2 Aplicáronse combinacións de axudas e as súas funcións avanzadas
CA4.3 Aplicáronse técnicas para a superación de obstáculos e franqueo de pequenos saltos
CA4.4 Regulouse a intensidade do traballo físico do equino
CA4.5 Determináronse pautas de seguridade
CA4.6 Analizouse a conveniencia de botar pé a terra
CA4.7 Aplicáronse as técnicas para botar pé a terra
CA4.8 Aplícase a normativa ambiental, de benestar animal e de prevención de riscos laborais durante a monta en pasos de relativa dificultade

4.4.e) Contidos

Contidos
<p>Combinación de axudas: aplicación técnica e funcións avanzadas. Accións de pernas, asento e rendas.</p> <p>Descrición técnica de superación de obstáculos e franqueo de pequenos saltos. Superación de obstáculos, montado ou do destro. Pequenos saltos.</p> <p>Regulación da intensidade de traballo. Fases dunha sesión. Adaptación á condición física do animal.</p> <p>Técnicas para desmontar do cabalo: botar pé a terra. Desestribar. Erros ao desmontar. Aplicación das técnicas para desmontar do cabalo. Corrección de erros ao desmontar.</p> <p>Normativa ambiental, de benestar animal e de prevención de riscos laborais durante a monta en pasos de relativa dificultade.</p>

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Valoración do cabalo durante a monta	19

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Avalía o cabalo durante a monta e analiza as súas reaccións	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.1 Tívoxe en conta o estado óptimo e a adecuación dos equipamentos e dos materiais utilizados na actividade de monta
CA5.2 Realizáronse os traballos necesarios para a hixiene e as condicións de vida do cabalo, antes e despois da monta
CA5.3 Rexistráronse as reaccións do cabalo montado e a progresión destas
CA5.4 Analizáronse as respostas ás axudas do xinete ou da amazona, e as desobediencias do cabalo montado
CA5.5 Cubriuse unha ficha de control sobre a valoración do cabalo montado
CA5.6 Aplicouse a normativa ambiental, de benestar animal e de prevención de riscos laborais para a monta

4.5.e) Contidos

Contidos
Cartilla: rexistro, indicacións, vacinación e desparasitación. Seguros.
0Avaliación da monta do cabalo como estratexia de mellora.
Normativa ambiental, de benestar animal e de prevención de riscos laborais para a monta.
Características básicas de comportamento (instinto, accións e reaccións). Rutinas nas cortes. Desinfección. Adecuación de espazos para pasar a noite en ruta.
Equipamentos de monta: adecuación, comprobación do estado, limpeza e coidados, almacenamento, mantemento e protección.
Revisión do estado do cabalo. Valoración da hixiene do cabalo tras a monta. Estabulación ou solta do equino.
Rexistro de reaccións do cabalo. Seguimento da evolución do traballo do animal.

Contidos

Resposta ás axudas. Desobediencias do cabalo montado.

Fichas de control. Valoración da condición física do cabalo. Valoración da conduta dos equinos aplicada á monta. Condutas anormais e vicios. Aptitude para a monta.

Previsión das reaccións do cabalo montado.

Pautas para seguir despois da monta: alimentación, coidados, estabulación e solta.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos esixibles neste módulo son aqueles relacionados coa adquisición da suficiente solvencia para desenvolver as técnicas de equitación. Neste sentido, partimos de situacións do alumnado moi variadas con respecto ás experiencias previas no contacto con cabalos. Así a todo, a experiencia recollida nos anos anteriores, indican que o nivel no eido da técnica é moi baixo. Por iso, as bases do módulo aséntanse na presentación dos elementos máis simples do mundo da equitación e do trato con cabalos.

Os mínimos esixibles buscan, por un lado, asegurar que o alumno adquira a competencia para o desenvolvemento técnico que require este módulo, e, por outra banda, aínda que en íntima relación, que adquira a perspectiva de garante da seguridade no desenvolvemento dunhas prácticas que, pola súa natureza, entraña certa dose de risco (caídas, golpes,...)

Na UD1, os mínimos recollidos, que o alumnado debe superar son os seguintes:

CA1.3 - Colocáronse e retiráronse os elementos do equipamento de monta

CA1.4 - Manexouse o equino durante a colocación e a adaptación do equipamento

CA1.6 - Comprobouse a posición correcta do equipamento

CA1.7 - Tomáronse medidas para evitar rozaduras co equipamento

CA1.9 - Aplicouse a normativa de benestar animal e a de prevención de riscos laborais nas tarefas de colocación e de retirada dos equipamentos para a monta

CA1.4 - Explicáronse as operacións de embarque, transporte e desembarque durante as rutas, cos équidos

CA1.5 - Definíronse os elementos do equipamento e os materiais para a ruta, así como as súas funcións

CA1.6 - Preparáronse os cabalos, adaptando a colocación dos equipamentos para a etapa ás características das persoas participantes na ruta

Nesta unidade é imprescindible acadar a competencia para utilizar correctamente o equipamento para a monta, de xeito autónomo e salvagardando o benestar do animal. Por iso, todos os criterios expostos se consideran indispensables e acadan un 70% da cualificación total da unidade.

Na UD2, os mínimos esixibles son:

CA2.1 - Analizouse a conduta do equino no achegamento, na posta da cabezada e no guiado do cabestro, en pista e/ou en box ou estabulación

CA2.2 - Analizáronse as reaccións do equino no proceso de preparación para a monta

CA2.3 - Avaliáronse as respostas do equino no proceso de condución do destro ao lugar de traballo e ao movelo á corda

CA2.5 - Aplicouse a normativa ambiental, de benestar animal e de prevención de riscos laborais nas tarefas realizadas previas á monta

Nesta unidade avánzase ata o apartado conductual do cabalo, sentado as bases dunha primeira análise das claves que determinan o comportamento equino, como factor indispensable para garantir a seguridade do xinete/amazona, dotándoos de ferramentas para detectar posibles reaccións adversas. Tal é a importancia desta cuestión que o peso dos mínimos na unidade é do 80%.

Na UD3. os mínimos esixibles son:

CA3.1 - Diferenciouse a secuencia de movementos do cabalo aos tres aires naturais

CA3.3 - Aplicáronse as técnicas para subir ao equino controlando ao animal

CA3.5 - Adquiriuse a postura, co equino parado e en movemento

CA3.7 - Aplicáronse as axudas en equitación

CA3.8 - Realizáronse transicións entre aires, cambios de dirección e de ritmo de marcha, e paradas

Nesta unidade centrámonos na parte técnica da materia. Así, aparecen como mínimos esixibles todos aqueles vinculados a aspectos técnicos, desde a posición corporal como é execución dos diferentes aires ecuestres. O peso dos mínimos nesta unidade acada o 70% dos totais.

Na UD4. non existen criterios de avaliación que se consideren mínimos esixibles.

CA4.2 - Aplicáronse combinacións de axudas e as súas funcións avanzadas

CA4.5 - Determináronse pautas de seguridade

O peso dos mínimos esixibles nesta unidade acadan o 40%.

Na UD5. os mínimos esixibles son:

CA5.2 - Realizáronse os traballos necesarios para a hixiene e as condicións de vida do cabalo, antes e despois da monta

En canto aos criterios de cualificación, cada un dos instrumentos de avaliación reseñados, devolverá un sistema de puntuación que vai desde o 0 ata o 10. Para acadar un resultado positivo na proba obxecto de cualificación, o alumnado deberá obter un resultado superior a 5. Para a obtención da cualificación utilizarase, de forma xeral o sistema de lista de cotexo e/ou táboas de observación, deseñadas para cada un dos exercicios e tarefas (agás no caso de exames, que se fará por cualificación directa).

En cada unha das avaliacións, recolleranse as cualificacións de cada unha das actividades de aprendizaxe desenvoltas durante ese período. Cada unha delas participará na cualificación trimestral informativa na

porcentaxe que indican os instrumentos de avaliación deseñados e propostos no apartado. A cualificación obtida no cálculo final da avaliación traducirase a unha puntuación sobre 10 para obter un número enteiro entre o rango 0-10.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

O procedemento para establecer as actividades de recuperación pasa polos seguintes puntos:

- > Analizar a natureza da parte non superada. Hai resultados de aprendizaxe que precisan unha abordaxe desde unha perspectiva máis procedimental e outras que están vinculadas con procesos de reflexión e/ou de afondamento en coñecementos teóricos.
- > Deseñar un procedemento adecuado á natureza da parte a recuperar.
 - Si esa parte ten un carácter práctico, deseñarase un programa de prácticas individuais, composto por un proceso de mellora técnica.
 - Si a parte a recuperar está vinculada cunha baixo rendemento no estudo persoal, propoñerase un traballo individual de análise e afondamento sobre a materia.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Para realizar a proba de avaliación extraordinaria, debemos recuperar todos os contidos e prácticas realizadas durante o curso.

O alumnado que neste caso, sigue tendo a posibilidade de asistir as sesións de traballo, algo que se lle recomendará intensamente dada a natureza do módulo no que, progresivamente, a carga de traballo práctico se vai incrementando paulatinamente, pasando de traballo dirixido e supervisado e iniciativas e propostas que se asentan na correcta autonomía do alumnado.

Así, os elementos que deben estar presentes na avaliación extraordinaria deben estar vinculados, en gran parte, á capacidade de demostrar un dominio adecuado nas técnicas de equitación que supón, desde logo, unha total autonomía no manexo do cabalo (tarefas básicas como colocar cabezada de cuadra, manexo ao destro, atado e preparación e colocación do equipo) e un respecto dos elementos de seguridade e a lexislación vixente sobre benestar animal.

Nese sentido, deseñarase unha proba específica, práctica, na que se demostren os elementos descritos no parágrafo anterior, aínda que xa foran avaliados en etapas anteriores á perda do dereito a avaliación continúa. Ningunha das cualificacións previas a entrada nesta situación serán válidas.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

A programación, como elemento vivo, vaise adaptando ás circunstancias do curso. Nese sentido, precísase contar con datos obxectivos para o rediseño do itinerario previsto nesta programación.

Para coñecer o axuste do curso con respecto á liña programada neste documento, someterase o mesmo a unha lista de cotexo no que se indicarán os items relacionados cos tempos e sesións dedicados a cada unha das UD's e revisaranse os elementos curriculares descritos en cada unha delas.

Para a avaliación da propia práctica docente, utilizaranse criterios internos e externos. Para avaliar o cumprimento dos piares básicos da práctica docente elaborárase un documento de análises no que se reflectirán os principais indicadores pedagóxicos (estilos de ensino, utilización de materiais de apoio, atención á diversidade, ...) e se graduarán en 5 niveis de cumprimento. Ademais, contarase coa opinión do alumnado, invitándoos a que participen nunha enquisa de valoración da práctica docente, vinculados a diferentes indicadores (puntualidade, claridade nas explicacións, achega de material,...).

Co material recollido por ámbalas dúas estratexias realizaranse as adaptacións precisas nuns ou outros puntos.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

O procedemento de avaliación está encamiñado a descubrir o nivel de coñecemento previo sobre os aspectos básicos do mundo da equitación e da experiencia coa que poidan contar algúns dos alumnos/as neste eido. Neste módulo, considérase condición indispensable para avanzar adecuadamente a boa disposición do alumnado (vontade de mellora, capacidade de traballo en situacións adversas, contacto con animais,...). Propoñerase unha proba práctica na que se testarán, entre outras cousas, o xeito de relacionarse cos animais (como se desenvolve a carón deles).

Esta avaliación inicial devolverá información sobre o grupo e tamén sobre cada un dos alumnos e alumnas do grupo (nivel técnico, capacidades físicas específicas asociadas á equitación, dificultades-medos non superados,...).

Por último, a observación, nas primeiras sesións de traballona hípica, tamén servirá para aportar información, desta vez, sobre o funcionamento do grupo e a existencia dalgunha perfil individual non compatible co desenvolvemento proveitosos das actividades e tarefas propias do módulo, asociado, posiblemente, cunha descoñecemento das particularidades das esixencias deste campo.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

As medidas de reforzo están deseñadas para evitar que o alumnado con menor nivel nas tarefas propostas desista de seguir avanzando na súa mellora por sentirse moi lonxe das esixencias do módulo. Esta realidade é relativamente fácil que se produza e, polo tanto, debe ser unha cuestión que debe estar contemplada e valorada. Nas primeiras sesións de traballo, e tamén a través da avaliación inicial, analizarase o perfil do alumnado e decidirse que persoas son susceptibles de caer nesta situación. Desde as primeiras sesións, nas que as dificultades son baixas, se van incorporando elementos técnicos e rutinas de traballo



que provocan, naqueles con máis limitacións, atrancos no seu progreso.

Nese sentido, deseñaranse fichas de traballo básicas, para paliar as carencias detectadas no desempeño práctico das tarefas. Así a todo, especialmente neste módulo, no que o alumnado non ten demasiadas oportunidades de traballar pola súa conta noutras situacións alleas ás sesións, deberase contar coa boa disposición da persoa que requira estas medidas para continuar o traballo, incluso dun xeito diferente ao do grupo clase, para afianzar as competencias que lle permita acceder a contidos de maior dificultade sen poñer en risco a súa saúde.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Facemos explícitos unha serie de compoñentes que consideramos cualidades que describen virtudes dun bo profesional. Estes compoñentes estarán presentes ao longo de cada sesión de traballo, en cada actividade, en cada tarefa, e definirán un modelo para o desenvolvemento da profesión do futuro técnico, unha profesión que se caracteriza polo alto grao de responsabilidade que esixe, de cara a manter o benestar e a seguridade dos clientes, moitas veces, en situacións de risco para a saúde e incluso, para a vida.

Deste xeito, na nosa intervención como formadores, manexaremos os seguintes principios:

- Espírito emprendedor.
- Formación continuada.
- Respecto pola diversidade, igualdade de trato e non discriminación.
- Igualdade efectiva entre homes e mulleres.
- Prevención de calquera tipo de violencia e resolución pacífica de conflitos.
- Respecto polo medio natural e educación ambiental.

É imposible concretar unha programación detallada no que concerne ao tratamento destes principios. Aproveitaranse as oportunidades educativas que xurdan durante o curso para introducir e tratar, de maneira reflexiva, cada un destes aspectos.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Podemos incluír estas propostas:

Como actividades complementarias:

- Colaboración co Departamento de Educación Física para a organización dun evento de fin de curso de "Coñece a equitación", na que se propoñerán actividades recreativas ecuestres co alumnado de 1º da ESO.



Como actividades extraescolares, podemos suxerir:

- Visita ao Centro de Razas Equinas Autóctonas de Galicia, no que se desenvolven actividades recreativas coa raza autóctona galega
- Visita ao CIS Casas Novas, concurso de salto internacional, na que tomarán contacto con esta modalidade deportiva ecuestre